

gcalidade
en galego

Información

Servizo de Normalización Lingüística

981 88 49 91

Departamento de Promoción Económica

981 88 30 02

 Concello
de AMES

Colaboran



comercio

gcalidade
en galego

en galego

 Concello
de AMES

Calidade en galego

O **pequeno comercio** ten que satisfacer as demandas dunha clientela cada vez máis esixente e facerlle fronte ás diferentes ameazas que o abordan no día a día. Isto só é posible **apostando pola calidade, pola modernidade e pola diferenciación**. Ante este panorama, os e as comerciantes deberían ter en conta as **vantaxes** que lles ofrece o uso da **lingua galega** na súa **estratexia comunicativa** (modernidade, diferenciación, distinción, proximidade coa clientela, innovación, fiabilidade...).

Estudos realizados polo Consello da Cultura Galega indican que **a inmensa maioría da poboación prefire a publicidade en galego** e que lle resulta **agradable que o atendan en galego**.

O Concello de Ames, coñecedor desta realidade, pon en marcha esta campaña para asentar **Ames como referente** no ámbito do comercio en toda a comarca e para aproveitar as vantaxes que podemos tirar do uso da nosa lingua.

Calidade en galego pretende ser unha **marca** que agrupe os comercios amesáns para facelos máis competitivos asociando o uso do galego a un sinal de **modernidade** e de **diferenciación**.

100% galego

100% calidade

A campaña consta de diferentes actuacións:

- » **campaña publicitaria** en diferentes soportes para os comercios adheridos.
- » **materiais en galego** útiles e atractivos para os comerciantes e para a clientela (adhesivos para os agasallos, distintivos cos horarios de apertura e peche, paraugas de cortesía...).
- » **asesoramento lingüístico** para mellorar e aumentar a presenza do galego no comercio (resolución de dúbidas, revisión de textos curtos, información sobre recursos lingüísticos...).
- » **formación** para mellorar as estratexias de comunicación publicitaria e a atención ao público.
- » **información** sobre normativa vixente e sobre posibles axudas para a galeguización do comercio.

Calidade en galego

COMPOSICIÓN

Modernidade

Calidade

Diferenciación

Distinción

Proximidade

Innovación


Fiabilidade

100% calidade

100% galego



Feito en Ames



8 423296 006507